



### EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

#### SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO. UNIDADE DE OBRAS E PLANS

##### Anuncio

#### INFORMACIÓN PÚBLICA

Polo órgano competente desta Deputación foron tomados en consideración os proxectos das obras:

BARALLA.- REHABILITACIÓN DE FIRME REGOS CON GRAVILLA LU-P-0505 "CAMPORREDONDO (LU-410) - BIDUEDO", P.K. 2+100 A 4+900

EXPTE GTM: 2024/CON\_02/000082

En cumprimento do que se dispón no art. 93 do T.R.R.L aprobado por R.D.L. 781/86, e demais normativa de aplicación, ábrese un período de información pública para os efectos de alegacións, reclamacións ou suxestións por parte de persoas ou entidades lexitimadas, por espazo de VINTE (20) días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade e aos efectos establecidos no Art. 93 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de Abril e no Art. 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Os devanditos proxectos estarán a disposición no portal de transparencia da Deputación Provincial <https://portaltransparencia.deputacionlugo.org>

Lugo, 13 de decembro de 2024.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 4035

### CONCELLOS

#### BECERREÁ

##### Anuncio

Non constando a presentación de reclamacións no expediente de modificación de crédito do orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito (MC 22/2024 SC 03/2024), aprobado inicialmente en sesión plenaria celebrada o día 10/10/2024 por importe de 21.500,00euros, o mesmo considérase definitivamente aprobado, e se procede a súa inserción no Boletín Oficial da Provincia conforme ao disposto no artigo 169.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo.

#### ALTAS EN CONCEPTO DE GASTOS

Aplicación orzamentaria	Importe	Concepto
323.22799	1.000,00	Incremento derivado do resultado da licitación do contrato transporte (CPI)
231.22299	500,00	Incremento derivado do resultado da licitación do contrato transporte (CSS)
1621.22799	20.000,00	Incremento derivado da subida do canon de SOGAMA
TOTAL		21.500,00

**ALTAS EN CONCEPTO DE INGRESOS**

Partida	Importe	Concepto
870.00	21.500,00	Remanente líquido de tesoureira para gastos xerais
<b>TOTAL</b>	<b>21.500,00</b>	

Becerreá, 16 de decembro de 2024.- O Alcalde-Presidente, D. Manuel Martínez Núñez.

R. 4051

*Anuncio*

Non constando a presentación de reclamacións no expediente de modificación de crédito do orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito (MC 23/2024 SC 04/2024), aprobado inicialmente en sesión plenaria celebrada o día 10/10/2024 por importe de 12.678,00euros, o mesmo considérase definitivamente aprobado, e se procede a súa inserción no Boletín Oficial da Provincia conforme ao disposto no artigo 169.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo.

**ALTAS EN CONCEPTO DE GASTOS**

Aplicación orzamentaria	Importe	Concepto
2311.22699	12.678,00	Gastos Centro Social
<b>TOTAL</b>	<b>12.678,00</b>	

**ALTAS EN CONCEPTO DE INGRESOS**

Partida	Importe	Concepto
870.00	12.678,00	Remanente líquido de tesoureira para gastos xerais
<b>TOTAL</b>	<b>12.678,00</b>	

Becerreá, 16 de decembro de 2024.- O Alcalde-Presidente, D. Manuel Martínez Núñez.

R. 4052

**BEGONTE***Anuncio*

Elevados a definitivos os acordos provisionais do Pleno desta Corporación, de data 25 de outubro de 2024, de modificación das Ordenanza Fiscais Reguladoras do Imposto sobre Bens Inmóbles, do Imposto sobre Actividades Económicas, da Taxa por Recollida de Residuos Sólidos Urbanos e da Taxa por Rede de Sumidoiros e Depuración de Augas Residuais, en cumprimento do disposto no art. 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, fanse públicos os textos íntegros das ditas modificacións:

**I.- Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles.****Artigo 2º.-**

1.-O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmóbles, aplicable aos bens de natureza urbana, queda fixado no 0,65 por 100.

2.-O tipo de gravame do imposto sobre bens inmóbles, aplicable aos bens de natureza rústica, queda fixado no 0,6 por 100.

3.-O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmóbles, aplicable aos bens de características especiais queda fixado no 1,3 por 100.

**II.- Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas:****Artigo 2º.- Coeficiente de Situación.-**

1.- Aos efectos previstos no art. 87 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, as vías públicas deste municipio clasifícanse en dúas categorías fiscais.

Anexo a esta Ordenanza Fiscal figura a relación de vías públicas con expresión da categoría fiscal que corresponde a cada unha de elas.

2.- Sobre as cotas do imposto, incrementadas pola aplicación do coeficiente de ponderación sinalado no art. 86 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e atendendo á categoría fiscal da vía pública donde radica físicamente o local no que se exerza a actividade económica, establécense os coeficientes de situación seguintes:

- Categoría 1ª: coeficiente de situación do 1,75.
- Categoría 2ª: coeficiente de situación do 1,10.

**III.- Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa por Recollida de Residuos Sólidos Urbanos.****Artigo 7º.**

1.- As cotas tributarias serán o resultado de aplica-lo seguinte cadro de tarifas:

Tarifa 1ª. Vivendas: Por cada vivenda: 32 €/trimestre.

Tarifa 2ª: Aloxamentos (Hoteis, moteis, pensións, casa de hóspedes, e demais centros de natureza análoga): 50 €/trimestre.

Tarifa 3ª: Establecementos de restauración:

Restaurantes e outros establecementos de comidas, wisquerías e pubs: 70 € /trimestre.

Cafeterías, bares e tabernas: 50 €/trimestre.

Tarifa 4ª: Outros establecementos comerciais, industriais ou mercantís:

Industrias fabricación/elaboración de pan: 400 €/trimestre.

Outras Industrias e comercios ao por maior: 120 €/trimestre.

Bancos e supermercados: 50 €/trimestre.

Comercios ao por menor: 45 €/trimestre.

Tarifa 5ª: Oficinas e despachos profesionais: Por cada oficina ou despacho: 20 €/trimestre.

**IV.- Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa por Rede de Sumidoiros e Depuración de Augas Residuais.****Artigo 5º.- Cota Tributaria.**

5.1.- A cota tributaria a esixir pola prestación do servizo da rede de sumidoiros e depuración de augas residuais determinarase en función da cantidade de auga medida en metros cúbicos, empregada na finca. A tal efecto aplicarase a seguinte tarifa:

Por vivenda ou uso doméstico ..... 0,30 euros/m<sup>3</sup> auga.

Usos industriais..... 10,00 € + 0,30 euros/m<sup>3</sup> auga.

Para o suposto de que os inmobles dispuxesen de servizo da rede de sumidoiros e depuración e non de servizo de subministración de auga, establécense unha cota fixa de 10,00 €/trimestre.

**5.2.- Acometidas á rede municipal de sumidoiros.**

Por cada acometida, a satisfacer por unha soa vez, a cota que resulte de multiplicar o nº de vivendas ou locais industriais radicados no inmovible pola cantidade de 50,00 euros.

Begonte, 16 de Decembro de 2024.- O Alcalde-Presidente, José Ulla Rocha.

R. 4053

## BURELA

## Anuncio

**LISTAXE DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS AO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DUNHA (1) PRAZA DE MÉDICO/A DA UAD COMO PERSOAL LABORAL FIXO NA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.**

Por esta Alcaldía en data 11/12/2024 ditouse resolución nº 2024-1247 co seguinte tenor literal:

"Visto que en data 07/11/2024 ditouse pola Alcaldía resolución nº 2024-1111 de aprobación da listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas ao respecto do proceso selectivo convocado por resolución nº 2022-1108 de data 28/12/2022 para o ingreso como persoal laboral fixo dunha (1) praza de MÉDICO/A da UAD, grupo A1, polo sistema de concurso-oposición, quenda libre, incluída na oferta de emprego público do Concello de burela para o ano 2022, na taxa adicional de estabilización de emprego temporal, publicándose no BOP de Lugo nº 261 de 12/11/2024, no taboleiro de anuncios físico e na sede electrónica do Concello, así como na web municipal.

Rematado o prazo de 10 días hábiles para reclamacións á listaxe provisional e emenda de defectos e non constando a presentación de reclamación algunha, de conformidade co establecido na base 8ª das xerais e específicas que regularán as convocatorias dos procesos selectivos a desenvolver polos sistemas de concurso e de concurso-oposición correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Burela incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de 2022, por medio do presente **RESOLVO**:

**PRIMEIRO.-** Aprobar a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas ao proceso citado:

**PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS:**

NOME E APELIDOS	DNI	PROBA DE GALEGO
Alejandro Daniel Honores Segura	***5567**	NON EXENTA

**PERSOAS ASPIRANTES EXCLUÍDAS:**

NOME E APELIDOS	DNI	PROBA DE GALEGO	CAUSA DE EXCLUSIÓN
Juan López Montoya	***5779**	NON EXENTA	1

Causas de exclusión:

1.- *Non acreditar posuír o título requirido para cubrir a praza consonte ao indicado no ANEXO I das Bases reitoras.*

**SEGUNDO.-** Nomear as persoas membros do Tribunal cualificador que a continuación se sinalan:

**PRESIDENTE/A.-**

Titular: D. José Ramón Gallego Fernández, psicólogo na Sección de Selección, Promoción e Carreira da Deputación de Lugo.

Suplente: Dª. María Ángeles Rivas Vázquez, xefa da Sección de Contabilidade e Contas da Deputación de Lugo

**VOGAIS.-**

Titular: Dª. Concepción Pernas Díaz. Psicóloga do Concello de Burela.

Suplente: Dª. Catalina Caamaño Isorna. Farmacéutica de atención primaria do Centro de Saúde de Burela.

Titular: D. José Manuel Vidal Ameijide. Médico Atención Primaria do Centro de Saúde de Burela.

Suplente: Dª. Berta López Fernández. Coordinadora da Unidade de Saúde Mental do Hospital Público da Mariña.

Titular: D. Francisco Javier Fernández Couce. Médico Urgencias do Hospital Público A Mariña

\*Suplente: Dª. María Yolanda Otero Eijo. Técnica Local de emprego do Concello de Burela.

**SECRETARIO/A.-**

Titular: D. José Ferreiro Fernández, tesoureiro da Deputación de Lugo.

Suplente: Dª. Montserrat Conde López, secretaria - interventora no Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos da Deputación de Lugo.

**TERCEIRO.-** Citar ás persoas que forman parte do Tribunal para que comparezan o día 19 de decembro de 2024 (xoves), ás 13:30 horas na sala de comisións do Concello de Burela para a súa constitución e posterior valoración de méritos das persoas aspirantes admitidas.

**CUARTO.-** Publicar a presente resolución no BOP de Lugo, no taboleiro de anuncios físico e na sede electrónica do Concello, así como na web municipal .

Contra a listaxe definitiva, as persoas aspirantes poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición diante da Alcaldía no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no BOP de Lugo, ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á citada publicación, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Mándoo e asínoo en

Burela, 13 de decembro de 2024.- A alcaldesa, María del Carmen López Moreno, O secretario"

R. 4036

## CERVO

### Anuncio

Elevado automaticamente a definitivo o acordo do Pleno do Concello de Cervo (Lugo) de data 19 de novembro de 2024, aprobando inicialmente o expediente de modificación de crédito núm. 23/2024 por crédito extraordinario núm.2/2024 do vixente Orzamento Municipal para 2024, que é o prorrogado de 2023, por non presentarse reclamacións contra o mesmo, de acordo co preceptuado no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público o resume por Capítulos do Estado de Gastos e Ingresos unha vez incorporada a devandita modificación:

Cap. Ingr.	Denominación	Consignación anterior	Modificación previsións	Consignación definitiva
1	Impostos directos	2.707.862,60 €	0,00 €	2.707.862,60 €
2	Impostos indirectos	113.642,79 €	0,00 €	113.642,79 €
3	Taxas e outros ingresos	3.363.917,44 €	0,00 €	3.363.917,44 €
4	Transferencias corrientes	2.957.901,48 €	0,00 €	2.957.901,48 €
5	Ingresos patrimoniais	16.047,17 €	0,00 €	16.047,17 €
6	Alleamento invest. reais	0,00 €	0,00 €	0,00 €
7	Transferencias de capital	1.981.726,85 €	0,00 €	1.981.726,85 €
8	Activos financeiros	587.490,79 €	93.600,00 €	681.090,79 €
9	Pasivos financeiros	0,00 €	0,00 €	0,00 €
	<b>TOTAL</b>	<b>11.728.589,12 €</b>	<b>93.600,00 €</b>	<b>11.822.189,12 €</b>

Cap. Gtos.	Denominación	Consignación anterior	Modificación previsións	Consignación definitiva
1	Gastos de personal	4.157.491,06 €	0,00 €	4.157.491,06 €
2	Gastos bens crtes e servizos	2.896.897,60 €	0,00 €	2.896.897,60 €
3	Gastos financeiros	5.000,00 €	0,00 €	5.000,00 €
4	Transferencias corrientes	287.985,00 €	17.500,00 €	305.485,00 €
5	Fondo de continxencia	0,00 €	0,00 €	0,00 €
6	Investimentos reais	2.520.758,19 €	0,00 €	2.520.758,19 €

7	Transferencias capital	486.639,44 €	76.100,00 €	562.739,44 €
8	Activos financeiros	0,00 €	0,00 €	0,00 €
9	Pasivos financeiros	0,00 €	0,00 €	0,00 €
	TOTAL	10.354.771,29 €	93.600,00 €	10.448.371,29 €

Cervo, 14 de decembro de 2024.- A alcaldesa, María Dolores García Caramés.

R. 4054

## O CORGO

### Anuncio

MARCO A. GARCÍA-GABILÁN SANGIL, LICENCIADO EN DEREITO E SECRETARIO DO CONCELLO DO CORGO (LUGO),

CERTIFICO:

Que o Pleno do concello, na súa sesión do 26 de setembro de 2024, aprobou inicialmente a modificación puntual do Regulamento de Réxime Interior do Punto de Atención á Infancia (PAI) do Corgo quedando definitivamente aprobado trala exposición pública durante un prazo de 30 días sen que se produciran ningunha reclamación. O seu texto íntegro é o que se transcribe de seguido.

*“REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA DO CONCELLO DO CORGO*

#### **OBXECTO**

*O presente regulamento ten por obxecto establecer a organización e funcionamento do Punto de Atención á Infancia do Concello do Corgo, como centro asistencial, que ten por finalidade prestar apoio a pais, titores ou gardadores de nenos/as de idades comprendidas entre os cero meses e os tres anos cando concorran situacións ou circunstancias que lles impida o seu coidado. Ademais, poderá atender aqueles casos que respondan a necesidades puntuais.*

*Polo tanto, o obxecto do presente regulamento interno é regular a estrutura organizativa deste centro, así como as normas para o seu correcto funcionamento, de aí a necesidade e oportunidade da súa aprobación.*

*Na exposición de motivos do Decreto 329/2005, de 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia, xustifícase a existencia dos Puntos de Atención á Infancia na circunstancia de que cada vez son máis os núcleos familiares nos que os dous proxenitores traballan fóra do fogar facendo máis difícil a conciliación da vida laboral coa familiar.*

*O concello do Corgo consciente desta problemática fixo un esforzo para a construción dun PAI para poder dar solución a esa conciliación.*

*O Punto de Atención á Infancia ten como obxectivo ofrecerlles aos nenos e nenas afecto, estima, confianza, apoio e un ámbito adecuado para que desenvolvan os diferentes aspectos da súa personalidade, para que experimenten e busquen respostas á súa curiosidade e para que descubran, exploren e observen, potenciando o interese.*

*A norma contén os diferentes aspectos imprescindibles para o correcto servizo aos cidadáns, sen que se poida contemplar a súa non regulación.*

#### **NORMATIVA APLICABLE**

- *Lei 13/2008, do 3 de decembro de Servizos Sociais de Galicia.*
- *Decreto 254/2011, de 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección dos programas e dos centros de servizos sociais, artigo 7 b) do referido decreto que establece como un dos requisitos funcionais o dispor dunhas normas de funcionamento.*
- *Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia.*
- *Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.*
- *Real Decreto 132/2010, de 12 de febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos de centros que impartan as ensinanzas do primeiro e segundo ciclo da educación infantil, a educación primaria e a educación secundaria.*

- *Real Decreto 476/2013, de 21 de xuño polo que se regulan as condicións de cualificación e formación que deben posuír os mestres dos centros privados de Educación Infantil e de Educación Primaria, Art. 2.2. (BOE núm. 167, de 13 de xullo).*
- *Real Decreto 95/2022, de 1 de febreiro polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación infantil.*
- *Real Decreto 150/2022 de 8 de setembro polo que se establece a ordenación e o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.*
- *Decreto 245/2003, de 24 de abril, polo que se establecen as normas de seguridade nos parques infantís.*
- *Lei 17/2011, de 5 de xullo, de seguridade alimentaria e nutrición*
- *Decreto 49/2021, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das EI e a súa actualización de prezos segundo Resolución de 10 de maio de 2017 pola que se actualizan os prezos das escolas infantís.*
- *Decreto 148/2014, de 6 de novembro, polo que se modifica o Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e os eu financiamento.*
- *Ordes anuais polas que se regulan as axudas ás escolas infantís*
- *Instrucións ditadas polos órganos competentes da consellería en materia de servizos sociais*
- *Ordenanzas Fiscais do Concello*

## **CAPITULO I.- DATOS DO CENTRO**

### **Art. 1.- Definición do centro**

*Os puntos de atención á infancia son aqueles establecementos de carácter diúrno e titularidade municipal, encadrados nos servizos sociais especializados dos concellos, que teñen como finalidade prestar unha atención de apoio aos pais, titores ou gardadores dos/as nenos/as de entre 3 meses e 3 anos cando concorran situacións ou circunstancias que lles impidan o coidado. Ademais poderán atender aqueles casos que respondan a necesidades puntuais.*

### **Art. 2.- Datos do Centro**

*Denominación: Punto de Atención á Infancia do Concello de O Corgo*

*Enderezo: A Portela, San Xoán do Corgo (próximo á oficina de correos)*

*Teléfono: 982 302 100 // 982 302 327*

*correo electrónico: concello.ocorgo@eidolocal.es*

*Responsable: M<sup>a</sup> Carmen Arias Díaz.*

### **TITULARIDADE**

*Entidade titular: Concello de O Corgo*

*NIF: P2701400J*

*Representante legal: Alcalde/Alcaldesa do Concello de O Corgo*

*Tlf.: 982 302 100*

*correo electrónico: concello.ocorgo@eidolocal.es*

### **AUTORIZACIÓNS**

**Data de Permiso de Inicio de Actividade.- PIA: 12/08/2019.**

**TIPO DE XESTIÓN: Directa**

## **CAPÍTULO II .- FUNCIONAMENTO**

### **Art. 3.- Obxectivos.**

*Serán obxectivos específicos do PAI:*

- *Garantir a seguridade dos nenos e cubrir as súas necesidades fisiolóxicas.*
- *Promover e fomentar o desenvolvemento integral dos/as nenos/as e a aprendizaxe das habilidades cognitivas e creativas do/a neno/a.*
- *Facilitar a conciliación da vida familiar e laboral.*

- *Estimular o desenvolvemento o desenvolvemento das capacidades intelectuais, motrices, sociais e emocionais dos/as nenos/as.*
- *Facilitar o desenvolvemento de valores individuais e sociais básicos: cooperación, solidariedade, respecto.*
- *Potenciar a creatividade, interese e curiosidade polo descubrimento.*
- *Facilitar a integración progresiva dos/as nenos/as na cultura do seu medio.*
- *Respectar a singularidade e diversidade de cada neno/a.*
- *Crear un ambiente que favoreza o desenvolvemento individual e de grupo nas actitudes e actividades diarias.*
- *Facilitar a adquisición progresiva de hábitos de orde, limpeza e conservación dos materiais.*
- *Facilitar a integración dos nenos con necesidades educativas especiais, atendendo ás súas necesidades e características especiais.*
- *Acentuar os aspectos da colaboración en lugar de competencia para inculcar aos/ás nenos/as un sentido de grupo.*
- *Crear un ambiente que favoreza o desenvolvemento individual e de grupo nas actitudes e nas actividades diarias.*

#### **Art. 4.- Servizos básicos.**

##### **1. Servizo de Atención asistencial e educativa.**

*O PAI cumprirá unha dobre función asistencial e educativa: ofrécelles aos seus usuarios unha atención integral sen distinción de raza, sexo ou condición social dirixida ao desenvolvemento harmónico e integral dos/as nenos/as e a compensación de desigualdades sociais, económicas e culturais, realizando ademais un importante labor de apoio á función educativa da propia familia.*

**A función educativa** desenvolverase a través dun **proxecto educativo propio** que se axusta na súa estrutura ao Decreto 150/ 2022, de 8 de setembro polo que se establece a ordenación e o currículo de Educación Infantil en la Comunidade Autónoma de Galicia.

*Entenderase por atención educativa o conxunto de atencións e coidados profesionais de carácter integral, prestados baixo unha perspectiva educativa, aos nenos e ás nenas durante a súa estancia nunha escola infantil, segundo a modalidade de xornada pola que opten. A opción elixida implica a asistencia regular e continuada á escola infantil durante un máximo de 8 e un mínimo de 3 horas diarias, respectivamente.*

*Dito proxecto educativo recolle, de xeito explícito, o tratamento lingüístico do centro, a coeducación e a atención á diversidade mediante a flexibilidade para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses e necesidades do alumnado en toda a etapa educativa. Ademais ten en conta o carácter globalizado da intervención educativa tanto en canto que un mesmo contido desenvolve obxectivos das distintas áreas da aprendizaxe e as necesidades educativas especiais dos nenos/as.*

*Concíbese ademais, como un recurso de atención aos/ás nenos/as, que necesitan atención e coidado durante un tempo diario e que non poden incorporarse a outro tipo de centros de atención á infancia, ben por non existir ningún outro no termo municipal, ou ben por non ser axeitado á necesidade familiar por diversas razóns, como poden ser entre outras:*

- *Situacións puntuais de necesidade (enfermidade da persoa que coida ao/á neno/a, realizar xestións burocráticas...).*
- *Horarios flexibles que cubran a necesidade familiar de atender ao/á neno/a*
- *Acceder á formación (asistir a cursos, rematar estudos...)*
- *Acceder ao mercado laboral*

##### **Período de adaptación**

*Tal e como se establece no Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece o currículo de educación infantil na comunidade autónoma de Galicia, todos os nenos/as que comezan por primeira vez nun centro (neste caso no PAI do Concello do Corgo) precisan pasar por un período de adaptación, do cal as familias serán coñecedoras.*

*Definimos o período de adaptación como un conxunto de fases polas que vai pasando o neno/a ata adaptarse a un novo medio, o PAI, que non é coñecido nin habitual para eles/as.*



As **fases** deste período son as seguintes.

- *Achegamento (os nenos e nenas teñen que coñecer de forma progresiva ás educadoras /mestras así como as instalacións do PAI e ao resto de nenos e nenas que forman o grupo).*
- *Confianza (amosar seguridade e sentirse coma na segunda casa)*
- *Pertenza ao grupo (cando o neno/nena xa se sente identificado e como un máis dentro do grupo).*

O período de adaptación dependerá en todo momento da evolución do neno/nena no día a día. A cada neno e nena levaralle o seu tempo de adaptación, sendo este un período totalmente flexible. Neste período é moi importante a boa coordinación coa familia (comentarán se vén contento/a, se lles fala dos neno/as, se fala do PAI, se fala das educadoras/mestras, dos xogos, das cancións....).

A **organización** deste período é a seguinte:

1. *A organización do tempo dos nenos/a de 3 meses a 3 anos será flexible para adaptarse ao seu ritmo de actividade e descanso. Non obstante considerase que os nenos/as deben acudir ao centro nun horario fixo, nos momentos de entretemento e lecer e a comezos da semana, cunha estancia non superior a 30 minutos. Na semana seguinte o neno/a permanecerá no centro unha hora cada día, de modo que cada semana vai aumentando 30 minutos ata que estea adaptado por completo.*
2. *O proceso de adaptación pódese alterar por mor de calquera circunstancia que as persoas educadoras/mestras xulguen necesario en función das características de cada neno/a.*
3. *Se o neno/nena se ausentase do centro longos períodos de tempo cumprirá aplicar de novo o período de adaptación.*
4. *No caso de que as educadoras/mestras vexan que o neno/a está adaptado antes de ese período de tempo, xa se dará por rematado o mesmo, podendo acudir ao PAI no horario solicitado á hora da matrícula polas familias*

A escola conta con protocolo de adaptación que será facilitado ás familias.

## **2. Servizo de cociña**

Entendendo por tal a prestación consistente na achega dos medios persoais e materiais necesarios para a adecuada distribución e consumo dos alimentos que traen os propios usuarios.

As familias asinarán autorización para proporcionar os alimentos que se achegan cada día á escola para alimentar aos/ás seus/súas fillos/as co compromiso de levar os alimentos segundo as medidas hixiénicas establecidas, isto é: envasados en recipientes axeitados e correctamente identificados coa data de consumo, nome e apelidos do neno e transportados en recipientes isotérmicos que manteñan a temperatura axeitada e con indicación de se precisan ou non refrixeración.

## **3. O PAI non presta os servizos de comedor nin de transporte.**

Trátase polo tanto dun servizo complementario á rede de centros de atención á primeira infancia existente na nosa Comunidade Autónoma, caracterizado pola súa flexibilidade horaria e a dispoñibilidade e atención rápida da demanda, o que permite facilitar a conciliación entre a vida laboral e a vida familiar.

## **Art. 5.- Capacidade total do centro.**

O PAI ten autorizadas **20 prazas nunha soa unidade de 0-3 anos**, reservándose en todo caso un mínimo de 1 praza para os casos considerados de carácter urxente polos servizos sociais municipais.

As ratios quedan establecidas segundo o artigo 29.2.b) do Decreto 329/2005, de 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia: "A relación adulto/coidador/neno/a será como máximo de 1/20. En todo caso sempre deberá contar cunha persoa auxiliar que atenda ao grupo."

## **Art. 6.- Idades de admisión e permanencia.**

Poderán facer uso dos servizos do PAI os pais/nais, titores/as ou representantes legais dos nenos e nenas que cumpran os seguintes requisitos de idade:

- *idade mínima: desde os 3 meses*
- *idade máxima: non ter cumpridos os tres anos de idade o 31 de decembro do ano no que se solicita a praza.*

Os/as menores poderán ser persoas usuarias do servizo ata o momento da incorporación á educación infantil de segundo ciclo.

Con carácter excepcional, sempre que existan prazas dispoñibles, poderán atender aqueles casos que respondan a necesidades puntuais.

**Art. 7.- Procedemento de ingreso ou admisión.**

Cada curso abrírase un novo prazo de matrícula, previa convocatoria pública, con anterioridade á data prevista para o comezo do curso, é dicir, antes de 1 de setembro.

As solicitudes terán que estar asinadas por calquera das persoas titulares da patria potestade ou representantes legais. No caso de separación ou divorcio, será necesaria a sinatura de ambos proxenitores, agás que a patria potestade estea atribuída exclusivamente a un deles. En ambos casos, deben presentar a súa resolución xudicial ou interposición de demanda de separación

Unha vez vistas as solicitudes, senón reunisen os requisitos establecidos, requirirase ao interesado para que emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, de non facelo no prazo establecido, terase por desistido da súa petición.

Resoltas as solicitudes, previo informe do encargado da aula e do traballador social do concello, farase pública a lista provisional de persoas admitidas e excluídas, concedendo un prazo de 10 días hábiles para alegacións. Informadas estas polo referido persoal, o Alcalde/Alcaldesa ou por delegación expresa, a concellería con competencias na materia de servizos sociais, ditará resolución aprobando a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas.

Contra a lista definitiva poderán interpoñerse os recursos en vía administrativa e xudicial, de conformidade co disposto na vixente lexislación.

En todo caso, os nenos e nenas que fosen admitidas, terán garantido o acceso aos novos cursos do mesmo ciclo, sen necesidade dun novo proceso de admisión.

Aqueles menores que non foran admitidos, ou para os que se presentaran solicitudes fóra de prazo, pasarán a formar parte dunha lista de espera.

No caso de que a existencia de prazas vacantes o permita, poderán acceder aos/ás nenos/as ao PAI, por motivos puntuais dos pais/nais, titores/as ou representantes legais.

**Sistema de admisión.**

O sistema de admisión respectará o principio de igualdade e non discriminación

No momento do ingreso, o/a encargado/a do centro abrirá un expediente persoal no que constarán, con carácter confidencial, os datos de filiación, sanitarios, enderezo e teléfonos de avisos en caso de urxencias, así como outras circunstancias que aconsellen unha atención diferenciada. En cada expediente das persoas usuarias figurará o horario de asistencia solicitado polos pais/nais, titores/as e representantes legais.

Estes datos terán un nivel alto de protección

**Art. 8. - Baremo para o ingreso**

Dado que o PAI é un servizo municipal terán preferencia ao seu acceso os/as veciños/as do concello do Corgo. No suposto de que queden prazas libres abrírase o servizo aos veciños e veciñas doutros concellos.

O baremo a aplicar para resolver as solicitudes de admisión, será o que se expresa a continuación:

- Ocupación acreditada dos dous proxenitores: 5 puntos.
- Por ter irmáns con praza no PAI.: 5 puntos.
- Pola condición de familia numerosa: 5 puntos.
- Pola condición de familia monoparental: 5 puntos.
- Por calquera circunstancia de exclusión social, debidamente acreditada por informe servizos sociais: 5 puntos.
- Situación económica da unidade familiar: inferior ao 50% do IPREM 4 puntos, igual ao 50% ata o 75% do IPREM, 3 puntos; superior ao 75% e inferior ao 100% do IPREM, 2 puntos.

No caso de que unha vez aplicado o baremo, haxa empate na puntuación obtida entre as solicitudes, terán preferencia entre os que estiveran matriculados no curso anterior, tiveran irmáns con praza ou aqueles que os Servizos Sociais informen como preferentes pola súa situación familiar, económica ou social.

Os/as nenos/as que ingresen no PAI terán preferencia para continuar no servizo no curso seguinte previa reserva dos pais/nais, titores/as ou representantes legais.

**Determinación dos ingresos aos efectos de puntuación**

Os ingresos dos membros da unidade familiar determinarase de conformidade coa normativa reguladora do IRPF. Para estes efectos, procederase como se indica no apartado seguinte.

Partirase da contía da **base imponible xeral e de aforro**, reguladas nos artigos 48 e 49, respectivamente, da Lei 35/2006, de 28 de novembro, do IRPF.

A composición da unidade familiar será a que se estableza na normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Partirase da contía da **base imponible xeral e de aforro**, reguladas nos artigos 48 e 49, respectivamente, da Lei 35/2006, de 28 de novembro, do IRPF, correspondente á declaración ou declaracións presentadas por cada persoa da unidade familiar, relativas ao **último período impositivo con prazo de presentación vencido no momento da apertura de prazo para solicitar praza**. De non dispor da correspondente declaración por non estar obrigado a tributar por este concepto, deberánse acreditar os ingresos mediante certificacións de imputación de ingresos do referido exercicio, emitidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria (en adiante, AEAT) xunto cunha declaración responsable de ingresos do referido exercicio.

A contía resultante converterase en número de veces o IPREM en vigor no período a que se refiran os ingresos acreditados.

### **Requisitos xerais**

As solicitudes de novo ingreso (Anexo I) facilitaranse no Concello de O Corgo e presentaranse no Rexistro de Entrada, debendo achegar á solicitude a seguinte documentación orixinal ou debidamente autenticada:

- Copia do Libro de Familia onde apareza o neno ou nena a ingresar no PAI, así como o DNI ou pasaporte ou tarxeta de residencia dos pais e nais ou titores/as e representantes legais do/a neno/a.
- Certificado de empadramento e convivencia do/a neno/a, expedido polo Concello.
- No caso de que o/a neno/a sexa acollido/a, fotocopia da resolución do órgano competente en materia de acollemento.
- No caso de separación ou divorcio dos pais, achegarase fotocopia da sentenza xudicial acompañada do correspondente convenio regulador. De non tiver sentenza, por estar en trámite o procedemento, achegarase certificado acreditativo da demanda de separación ou divorcio, co selo do Xulgado.
- Declaración do Imposto da renda das persoas físicas do último exercicio, de cada membro da unidade familiar maior de 16 anos. No caso de non presentar declaración por non estar obrigado, certificado acreditativo da Axencia Tributaria.
- No caso de desemprego, certificación do INEM que acredite a situación de desemprego e a percepción ou non de prestacións.
- Calquera outra documentación que sexa necesaria para acreditar a situación económica da unidade familiar.
- Copia da cartilla da Seguridade Social ou documento equivalente.
- 2 fotografías tamaño carné.
- Autorización fidedigna e por escrito das persoas que poden recoller o neno ou nena, na que conste o DNI das mesmas.
- De selo caso, informe médico do neno/a no que se reflectan as alerxias, intolerancias ou incidencias de calquera índole.
- Cartilla de vacinación actualizada segundo o calendario de vacinación infantil do Programa Galego de Vacinación ou calquera outra documentación do SERGAS que así o acredite.
- No caso de que o/a menor estea suxeito a algún tipo de tratamento médico, será necesaria a autorización por escrito do pai/nai, titores/as ou representantes legais, indicando as características do tratamento e as horas de administración da dose correspondente. Tamén será preciso un informe no caso de que o/a menor manifeste algún tipo de alerxia alimenticia (lactosa, glute ...) e física a algún tipo de material (pinturas, tecidos...).

Aportarase ademais, no seu caso, como calquera outro documento que deixe constancia da especial situación familiar ou económica da unidade familiar, que deban terse en consideración en relación cos/as nenos/as:

- Informe dos equipos de valoración e orientación dependentes do órgano competente na materia da Xunta de Galicia, administración do Estado ou das correspondentes comunidades autónomas sobre o grado de discapacidade e a súa necesidade de integración no caso de nenos/as con discapacidade.
- Informe dos Servizos Sociais do concello ou doutras administracións.
- Título de familia numerosa
- Calquera outro de constancia da especial situación familiar ou económica da unidade familiar que inflúa na admisión dos/as nenos/as segundo o baremo.

*De carecer de acreditación documental das incidencias alegadas, poderase presentar informe dos servizos sociais do concello de residencia do neno ou nena.*

*Calquera indicio de cambio non declarado, distorsión ou falseamento dos datos reflectidos na ficha de admisión poderá dar lugar a que se inicie de oficio un expediente de comprobación dos devanditos datos.*

*Deberán aboar ao Concello os importes establecidos ao respecto, de conformidade coa ordenanza fiscal reguladora.*

#### **Art.9 .- Causas de Baixa**

*Causarase baixa no PAI por algunha das seguintes circunstancias:*

- 1. Incumprimento da idade regulamentaria de permanencia no centro.*
- 2. A solicitude dos pais, titores/as ou representantes legais.*
- 3. Por negativa a aboar a tarifa aplicada. No caso de non pagar a cota establecida durante dous meses consecutivos ou tres alternos durante o período dun ano.*
- 4. Por comprobación da falsidade nos documentos ou datos aportados na solicitude.*
- 5. Por incompatibilidade ou inadaptación absoluta para permanecer no centro, previo informe do/a encargado/a da aula ou do/da traballador/a social.*
- 6. Por incumprimento reiterado das normas do PAI.*

*A baixa será resolta previo informe do/a encargado/a da aula e do/a traballador/a social do Concello de O Corgo, pola Alcaldía ou por delegación no/a concelleiro/a delegado/a en materia de servizos sociais.*

*As vacantes cubriranse coas solicitudes que quedasen na lista de espera por rigoroso orde de chegada.*

#### **Art. 10.- Calendario e horario de funcionamento.**

*O servizo do PAI desenvolverase de xeito gratuíto por cursos, que abranguerá desde o 1 de setembro ata o 31 de xullo do ano seguinte*

*O servizo prestarase de luns a venres, desde as 08:00 h ás 16:00 h agás os días festivos, durante 8 horas, xa sexa en xornada partida ou continuada, segundo a demanda, e de acordo coas disponibilidades de recursos humanos e orzamentarios do concello, podendo modificarse cando polas necesidades de servizo se precise.*

*Antes do inicio de curso, o/a Alcalde/Alcaldesa do Concello, a petición razoada do/a encargado/a de Centro, e á vista das solicitudes das familias, establecerá o horario de apertura e peche, dentro do máximo de horas citado anteriormente.*

*Ao longo do curso e só en casos excepcionais, o citado órgano municipal poderá modificar as horas de apertura e peche, a proposta razoada do/a encargado/a do PAI.*

*Tanto o calendario anual como o horario de apertura e peche figurarán no taboleiro de anuncios do PAI, e na páxina web do Concello do Corgo.*

*As causas dos peches estarán acreditadas mediante documentos asinados polo/a representante legal ou o técnico competente.*

### **CAPÍTULO III.- ESTRUCTURA ORGANIZATIVA**

#### **Artigo 11.- Organización interna**

*O persoal de atención directa a nenos/as, o persoal de apoio á atención e coidado dos/das nenos/as ou outro persoal, realizará as funcións que segundo resulta da normativa laboral municipal, e, no seu caso, no convenio colectivo do concello.*

*O PAI conta con 3 postos de atención:*

- 1 Mestra. Grado en Educación Infantil*
- 2 educadoras. Técnicas Superior en Educación Infantil. TSEI*

#### **Artigo 12.- Procedemento para substitucións e imprevistos do persoal**

*No referente ás substitucións dos mesmos, nos casos de baixa por ausencia ou enfermidade, ou nos supostos establecidos no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, contratarase persoal para cubrir as baixas. Este persoal formará parte da bolsa de emprego que se constituía tralos correspondentes procesos selectivos.*

*Os chamamentos realizaranse segundo a puntuación obtida no proceso selectivo*

**CAPITULO IV.- NORMATIVA REFERENTE AOS NENOS E NENAS****Art. 13.- Dereitos dos nenos e nenas**

- a. *Acceder ao PAI e recibir asistencia sen discriminación por razón de nacionalidade, sexo, raza, relixión, ideoloxía, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.*
- b. *A consideración no trato debida á dignidade da persoa, tanto por parte do persoal do PAI como dos demais usuarios.*
- c. *O sixilo profesional acerca dos datos do seu historial sanitario e socio familiar*
- d. *A intimidade persoal en función das condicións estruturais do PAI*
- e. *A que se lles facilite o acceso á atención social, sanitaria, educación cultural e, en xeral, a todas as necesidades persoais que sexan precisas para conseguir o seu desenvolvemento integral.*
- f. *A recibir un tratamento individualizado do contido educativo cara á súa integración socio familiar, que terá como obxectivos prioritarios a súa protección, educación e formación.*
- g. *A participación dos pais, nais, titores/as ou representantes legais nas actividades educativas como: festas escolares, conta contos, axudas na preparación de materiais para os traballo dos nenos.*
- h. *Ter a súa disposición o proxecto educativo, así como a posibilidade de presentar reclamacións no Libro de reclamacións. nas que figurarán os puntos necesarios para identificación da persoa que realiza a reclamación, a súa data e o obxecto da mesma.*
- i. *Os pais, nais, titores/as ou representantes legais, salvo manifestación en contra ao respecto, prestan o seu consentimento para que os datos facilitados sexan incorporados aos ficheiros titularidade do Concello de O Corgo (co nivel de protección correspondente). O uso dos datos limitarase á xestión municipal, así como a súa cesión a outras administracións públicas, coas limitacións establecidas no Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento europeo y do Consello e da Lei 3/2018, 5 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal. E garantía dos Dereitos Dixitais. Os interesados poderán exercer en calquera momento os dereitos de acceso, rectificación cancelación e oposición, coas limitacións establecidas legalmente ante o alcalde do Concello do Corgo, ou o concelleiro delegado.*

*Para a protección destes datos os responsables do tratamento aplicarán medidas técnicas e organizativas apropiadas a fin de garantir que o tratamento é conforme á lexislación vixente.*

**Art. 14.- Normas de funcionamento****1. Normas de saúde e hixiene**

*Con carácter xeral atenderase o disposto nas Guías de Saúde Pública da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia así como aos boletíns epidemiolóxicos nos que se fan actualizacións das recomendacións para a exclusión de escolas. Concretamente na enfermidade de boca-man-pé, ou na conxuntivite non purulenta non establece período de exclusión.*

- *Os/as nenos/as deberán acudir ao PAI nas condicións correctas de saúde e hixiene.*
- *No caso da aparición de enfermidades infecto-contaxiosas durante a súa asistencia ao centro deberá ser comunicada polos pais/nais, titores/as ou representantes legais á dirección deste.*
- *No caso de observarse síntomas dun proceso infecto-contaxioso nos/as nenos/as no propio PAI avisaranse aos seus pais, representantes legais ou titores, co fin de evitar a propagación da enfermidade entre os/as demais nenos/as. O reingreso no centro soamente será posible logo de transcorrido o período de contaxio.*
- *No caso de enfermidade ou accidente sobrevido no PAI, despois das primeiras atencións "insitu" e, á maior brevidade posible, poñerase a dita circunstancia en coñecemento dos pais, titores/as ou representantes legais do/a neno/a e, se é o caso, garantirase que o/a neno/a reciba a atención médica axeitada, estando facultada a dirección do centro para autorizar nestes casos os desprazamentos necesarios para tal fin.*
- *Nos casos excepcionais nos que se lles deban administrar medicinas aos/ás nenos/as, deberán ir acompañadas das receitas médicas actualizadas, nas que constará o nome do neno, o nome do medicamento e como debe administrarse así como a periodicidade. Non se lles administrará ningunha medicación que non veña acompañada da devandita receita e a correspondente autorización por escrito dos pais, titores ou representantes legais.*
- *En caso de enfermidade, deberá deixar ao menor na casa, cando teña febre, diarrea, vómitos, ou enfermidade contaxiosa (rubéola, orellóns, xarampón,...). De aparecerlle calquera destes síntomas no propio centro, será posto en coñecemento dos pais, titores ou representantes legais.*
- *Todos/as nenos/as que usen cueiros deberán traer un paquete e un bote de toallíñas, que deberá repoñerse cando sexa preciso.*
- *Serán cambiados na medida que o precisen*

- Os/As nenos/as terán sempre unha muda completa de reposto
- Os nenos e nenas deberán asistir ao PAI con roupa que lles permita moverse con comodidade.

## **2. Normas de Alimentación**

- O PAI prestará un especial coidado en atender os casos nos que o/a neno/a, en razón das súas circunstancias persoais, alimentación axeitada ou en horarios específicos, sen prexuízo de que estes deban ser facilitados pola familia.
- Deberá ser presentado o correspondente informe pediátrico se o neno ou nena presenta alerxias ou intolerancias alimentarias.
- No caso de período de lactancia, os pais, titores/as ou representantes legais deberán proporcionar á responsable do PAI a alimentación que veñan recibindo os/as menores, así como os elementos para a súa administración.
- Deberán poñer en coñecemento da persoa responsable, calquera circunstancia do/a neno/a que esixa unha especial atención.
- As familias autorizarán declaración para proporcionar os alimentos que se achegan cada día á escola para alimentar as/os educadoras/es aos/ás seus/súas fillos/as co compromiso de chegar os alimentos segundo as medidas hixiénicas establecidas.

### **Art. 15.- Promoción da integración**

O PAI municipal promoverá, dentro das súas posibilidades, a integración dos nenos con necesidades educativas especiais.

O ingreso destes estará supeditado á existencia de condicións infraestruturais idóneas e de persoal axeitado e suficiente no cadro de persoal do centro. Nestes casos requirirase o informe previo do equipo de avaliación e orientación correspondentes ao grao de discapacidade e a súa necesidade de integración.

En ningún caso poderá haber máis dun neno ou nena con necesidade de integración por aula. Para efectos de ratio estas prazas contabilízanse como dúas.

### **Art. 16.- Fomento da igualdade**

O PAI programará actividades para promover a igualdade entre os nenos e nenas e evitar os comportamentos e as actividades discriminatorias por razón de sexo.

### **Art. 17.- A Lingua**

A lingua utilizada en cada grupo será a lingua materna predominante entre nenos e nenas que formen parte do mesmo (a lingua predominante no Concello do Corgo é o galego).

Atenderase de maneira individualizada a aqueles nenos e nenas do grupo que non teñan coñecemento suficiente da lingua materna predominante.

Os documentos oficiais do centro entregaranse en galego ou castelán, á demanda das persoas solicitantes.

Na etapa da educación infantil o persoal educador empregará na aula as dúas linguas cooficiais, fomentando a participación en diferentes situacións de uso das dúas linguas cooficiais recoñecendo a importancia de ambas. As palabras e o vocabulario propio de cada unha das linguas cooficiais actuarán como nexos de unión desde o que enriquecer a bagaxe cultural e desenvolver a sensibilidade e a creatividade, de xeito que se lle ofrece á infancia, simultaneamente, a chave de acceso a unha cidadanía crítica, solidaria, igualitaria e comprometida coa sociedade.

O centro está a cumprir cos contidos exixidos para o proxecto lingüístico, de acordo co Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

### **Artigo 18.- Actividades complementarias/actividades extraescolares**

As actividades complementarias trabállanse transversais ao Currículo educativo e todas elas, ao longo do curso serán organizadas polo centro en colaboración con outras entidades (Entroido, festa fin de curso,...).

#### **O PAI non oferta actividades extraescolares**

#### **Réxime de saídas. Saídas didácticas**

No caso de que a familia non consintan a saída, o neno/a quedará no centro co resto do persoal se as saídas son por grupos de idade, e, no caso de que sexa unha saída conxunta, non poderán asistir nesa data, xa que o PAI permanecerá pechado.

**Artigo 19.- Dependencias do centro**

O PAI está integrado nunha edificación de dous volumes en planta baixa conectados entre si mediante un terceiro máis baixo que articula aos anteriores, contando coas distribución necesaria para dar cabida ás estancias esixidas para a atención á infancia.

Conforme as BASES DA CONVOCATORIA PARA A COBERTURA MEDIANTE OPOSICIÓN DE 1 PRAZA DE **PERSONAL DE APOIO DO P.A.I.**, PERSONAL LABORAL FIXO, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE GUNTÍN PARA O ANO 2023, publicadas no B.O.P. de Lugo de nº 225 de 27.09.2024 e a CORRECCIÓN DE ERROS DA CONVOCATORIA publicada no B.O.P. de Lugo de data 04.10.2024, e examinados os expedientes dos aspirantes ACORDO:

PRIMEIRO: Admitir aos aspirantes presentados e aprobar a **lista provisional de admitidos e excluídos** nas seguinte relación.

#### **1.- Admitidos:**

NOME E APELIDOS	DNI
LAURA MARIA RODRÍGUEZ GEGUNDE	***3789**
ESTER PEREZ TATO	***5844**
SUSANA SANTIN AMO	***2705**
NOELIA PAZ BALSA	***5269**
EVA FERNANDEZ CASTRO	***5615**
MARÍA CARMEN SANCHEZ FERREIRO	***3992**
ANA VILA GARCÍA	***7975**
NEREA VAZQUEZ AIRAVELLA	***1032**
INÉS VÁZQUEZ LAMAZARES	***5565**
NOELIA PRADO BARRIO	***5097**
VERONICA VARELA VILLAR	***8622**
CRISTINA ELENA OROSA LOPEZ	***8110**
IRENE GARCÍA LOPEZ	***5817**

**2.- Excluídos**

NOME E APELIDOS	DNI	Motivo exclusión
GEMMA RODRÍGUEZ VILELA	***4563**	g, h (identificar organismo)
ANDREA REGO ANSEAN	***3992**	g, h
CRISTINA NEIRA PALACIOS	***3108**	b, i
RAQUEL VALLE LOVELLE	***4517**	e, g, h, i
ZAIDA CURRÁS FERNÁNDEZ	***8384**	a, b, c

Nas BASES DA CONVOCATORIA PARA A COBERTURA MEDIANTE OPOSICIÓN DE 1 PRAZA DE PERSOAL DE APOIO DO P.A.I., PERSOAL LABORAL FIXO, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE GUNTÍN PARA O ANO 2023, publicadas no B.O.P. de Lugo de nº 225 de 27.09.2024 e a CORRECCIÓN DE ERROS DA CONVOCATORIA publicada no B.O.P. de Lugo de data 04.10.2024, nas Bases Cuarta e Quinta son causas de exclusión:

- a) Non manifestar reunir algún dos requisitos a que se refire a base terceira (Anexo II).
- b) A omisión da sinatura na solicitude
- c) A omisión na solicitude da copia compulsada do DNI
- d) Non aportar fotocopia compulsada da titulación esixida
- e) Non aportar fotocopia do permiso de conducir categoría ou clase B
- f) A presentación da solicitude fora do prazo establecido
- g) Non aportar fotocopia do curso de primeiros auxilios
- h) Non aportar fotocopia do curso de manipulador de alimentos.
- i) No aportar fotocopia da Tarxeta da SS.

Na acreditación dos cursos debe de estar debidamente identificado o organismo que expide ditos títulos  
SEGUNDO- Prazo de emendas

Poderanse emendar as deficiencias na documentación, de ser o caso, nos **dez días hábiles** seguintes ao da publicación desta Resolución no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Tamén se publicará na páxina web [www.guntin.es](http://www.guntin.es) no Taboleiro de Anuncios do Concello.

As emendas presentaranse no Rexistro Xeral de Entrada do Concello de Guntín de luns a Venres en horario de 9.00 a 15.00 horas, ou ben mediante o procedemento que regula a Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.No caso de que se remita por correo postal,os aspirantes deberán enviar copia da emenda, debidamente rexistrada, ao fax do Concello número 982.32.00.88, no prazo de presentación de emendas.

Guntín, 12 de decembro de 2024.- O ALCALDE, Ángel Pérez Rodríguez. Ante min a Secretaria-Interventora, Nadia Díaz Vázquez.

R. 4039

---

*Anuncio*

**DECRETO DE ALCALDÍA DE 12-12-2024**

**DON ANGEL PÉREZ RODRÍGUEZ, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE GUNTÍN (LUGO)**

Conforme as BASES DA CONVOCATORIA PARA A COBERTURA MEDIANTE OPOSICIÓN DE 1 PRAZA DE **TÉCNICO/A DE ATENCIÓN Á INFANCIA DO P.A.I., ENCARGADO/A**, PERSOAL LABORAL FIXO, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE GUNTÍN PARA O ANO 2023, publicadas no B.O.P. de Lugo de nº 225 de 27.09.2024 e a CORRECCIÓN DE ERROS DA CONVOCATORIA publicada no B.O.P. DE Lugo de data 04.10.2024,e examinados os expedientes dos aspirantes ACORDO:

PRIMEIRO: Admitir aos aspirantes presentados e aprobar a **lista provisional de admitidos e excluídos** nas seguinte relación.

**1. Admitidos**

NOME E APELIDOS	DNI
GEMMA FONTELA CAMPOS	***8180**
BELÉN RODRÍGUEZ MANEIRO	***3216**
LAURA MARIA RODRÍGUEZ GEGUNDE	***6789**
LOLA PARDAVILA GÓMEZ	***6736**
ESTER PÉREZ TATO	***5844**
IRIA SANTOALLA CASTRO	***6066**
SUSANA SANTIN AMO	***2705**
MARIA TERESA COUTO RODRÍGUEZ	***4746**
EVA FERNANDEZ CASTRO	***5615**
MARIA CARMEN SANCHEZ FERREIRO	***3992**
ANA VILA GARCIA	***7975**
INÉS VÁZQUEZ LAMAZARES	***5565**
IRENE GARCÍA LÓPEZ	***5817**
VERONICA VARELA VILLAR	***8622**
NEREA VÁZQUEZ AIRAVELLA	***1032**
CRISTINA ELENA OROSA LOPEZ	***8110**
VANESA FREIRE VALIN	***4322**
NOELIA PRADO BARRIO	***5097**

**2.- Excluídos**

NOME E APELIDOS	DNI	CAUSAS DE EXCLUSIÓN
SALETA ALONSO BARREIRO	***5092**	f
GEMMA RODRIGUEZ VILELA	***4563**	g, h (identificar organismo)
SABRINA PAOLA RICO ARRUE	***4140**	g
MARIA JESUS FERNANDEZ ALVAREZ	***3510**	e, g, h, i
CRISTINA NEIRA PALACIOS	***3108**	a, b, i
BEATRIZ GRANDÍO MOSTEIRO	***5962**	g
ANDREA REGO ANSEÁN	***3992**	g, h
RAQUEL VALLE LOVELLE	***4517**	e, g, h, i
HELENA SANCHEZ PEREZ	***5825**	g

Nas BASES DA CONVOCATORIA PARA A COBERTURA MEDIANTE OPOSICIÓN DE 1 PRAZA DE TÉCNICO/A DE ATENCIÓN Á INFANCIA DO P.A.I., ENCARGADO/A , PERSOAL LABORAL FIXO, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE GUNTÍN PARA O ANO 2023, publicadas no B.O.P. de Lugo de nº 225 de 27.09.2024 e a CORRECCIÓN DE ERROS DA CONVOCATORIA publicada no B.O.P. de Lugo de data 04.10.2024, nas Bases Cuarta e Quinta son causas de exclusión:

- Non manifestar reunir algún dos requisitos a que se refire a base terceira (Anexo II).
- A omisión da sinatura na solicitude
- A omisión na solicitude da copia compulsada do DNI
- Non aportar fotocopia compulsada da titulación esixida

- e) Non aportar fotocopia do permiso de conducir categoría ou clase B
- f) A presentación da solicitude fora do prazo establecido
- g) Non aportar fotocopia do curso de primeiros auxilios
- h) Non aportar fotocopia do curso de manipulador de alimentos.
- i) No aportar fotocopia da Tarxeta da SS.

Na acreditación dos cursos debe de estar debidamente identificado o organismo que expide ditos títulos

#### SEGUNDO- Prazo de emendas

Poderanse emendar as deficiencias na documentación, de ser o caso, nos **dez días hábiles** seguintes ao da publicación desta Resolución no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Tamén se publicará na páxina web [www.guntin.es](http://www.guntin.es) no Taboleiro de Anuncios do Concello.

As emendas presentaranse no Rexistro Xeral de Entrada do Concello de Guntín de luns a Venres en horario de 9.00 a 15.00 horas, ou ben mediante o procedemento que regula a Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.No caso de que se remita por correo postal,os aspirantes deberán enviar copia da emenda, debidamente rexistrada, ao fax do Concello número 982.32.00.88, no prazo de presentación de emendas

Guntín, 12 de decembro de 2024.- O ALCALDE, Ángel Pérez Rodríguez. Ante min a Secretaria-Interventora, Nadia Díaz Vázquez.

R. 4040

## PEDRAFITA DO CEBREIRO

### Anuncio

#### APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE PEDRAFITA DO CEBREIRO 2025

O Pleno da Corporación municipal na sesión ordinaria celebrada o 14 de novembro de 2024 aprobou inicialmente o orzamento, bases de execución, cadro de persoal e anexos do exercicio 2025. Conforme ao artigo 169 do TRLRFL someteuse a información pública por un período de 15 días hábiles. Ao non presentarse reclamacións durante este período, enténdense definitivamente aprobados. En cumprimento do que dispón o punto 3 do devandito artigo, faise público que dito orzamento ascende en gastos e ingresos a 1.313.776,02€ (Un millón trescentos trece mil setecentos setenta e seis euros con dous céntimos).

Correspondendo a cada capítulo as cantidades que a continuación se expresan, segundo o seguinte detalle:

#### ESTADO DE GASTOS:

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
1	Gastos de persoal	687.118,97
2	Gastos en bens correntes e servizos	318.010,00
3	Gastos financeiros	400,00
4	Transferencias correntes	12.500,00
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES		1.018.028,97
6	Inversións reais	245.807,10
7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos Financeiros	0,00
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL		245.807,10
<b>TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS</b>		<b>1.263.836,07</b>

**ESTADO DE INGRESOS:**

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
1	Impostos directos	158.482,10
2	Impostos indirectos	0,00
3	Taxas e outros ingresos	99.278,18
4	Transferencias correntes	774.309,39
5	Ingresos patrimoniais	18.296,40
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES		1.050.366,07
6	Enaxenación de inversións reais	0,00
7	Transferencias de capital	213.470,00
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL		213.470,00
<b>TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS</b>		<b>1.263.836,07</b>

De acordo co que se establece no artigo 127 do RD 791/1986, do 18 de abril, reproducécese a continuación o cadro de persoal para o exercicio 2025

**ORZAMENTO 2025.****ANEXO DE PERSOAL****1.- CADRO DE PERSOAL.****1.1.- FUNCIONARIO DE CARREIRA**

DENOMINACIÓN	Nº. POSTO	GRUPO	NIVEL	XORNADA	SITUACION
AGRUPACION SECRETARIA-INTERVENCION	1	A1/A2	26	25%	NOMEAMENTO DEFINITIVO
ARQUITECTA	1	A1	24	23,33%	COBERTURA INTERINA
ADMINISTRATIVO CONTABLE	1	C1	19	COMPLETA	NOMEAMENTO DEFINITIVO
TÉCNICO DE SERVICIOS MUNICIPAIS	1	C1	19	COMPLETA	NOMEAMENTO DEFINITIVO

**1.2.- PERSOAL LABORAL FIXO**

Nº	PRAZA	GRUPO CLASIF	XORNADA	SITUACIÓN
1	AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL	2	COMPLETA	NOMEAMENTO DEFINITIVO
1	TRABALLADOR/A SOCIAL	2	COMPLETA	NOMEAMENTO DEFINITIVO
1	CAPATAZ	8	COMPLETA	COBERTURA TEMPORAL
3	OFICIAL 1º ALBANEL	8	COMPLETA	COBERTURA TEMPORAL
1	OFICIAL 2º ALBANEL	8	COMPLETA	COBERTURA TEMPORAL
1	LIMPADOR/A DE EDIFICIOS PÚBLICOS	10	COMPLETA	COBERTURA TEMPORAL
1	AUXILIAR AXUDA NO FOGAR	10	PARCIAL (27,5 H/SEM)	NOMEAMENTO DEFINITIVO
8	AUXILIARES AXUDA NO FOGAR	10	COMPLETA	NOMEAMENTO DEFINITIVO

**1.3.- PERSOAL LABORAL TEMPORAL:** Para o exercicio 2025, mera estimación de contratos a formalizar en función das subvencións ou convenios que se concreten con outras administracións públicas, así coma das necesidades puntuais de persoal.

DENOMINACIÓN	Nº POSTOS	CARACTERÍSTICAS	DURACIÓN
<i>OF. 1ª CONDUCTOR INCENDIOS</i>	3	XORNADA COMPLETA	3 MESES
<i>PEÓNS BRIGADA INCENDIOS</i>	4	XORNADA COMPLETA	3 MESES
<i>XEFE BRIGADA INCENDIOS</i>	1	XORNADA COMPLETA	3 MESES
<i>PEÓN TRATAMENTOS MECANIZADOS-INCENDIOS</i>	1	XORNADA COMPLETA	3 MESES
<i>AUXILIARES AXUDA NO FOGAR</i>	2	XORNADA COMPLETA	12 MESES
<i>SOCORRISTA</i>	1	XORNADA PARCIAL (35 H)	2 MESES
<i>PEON (APROL RURAL 2025-26)</i>	1	XORNADA COMPLETA	9 MESES
<i>OF 1º CONDUCTOR (REFORZO DE EMPREGO)</i>	1	XORNADA COMPLETA	7 MESES
<i>PEÓN (REFORZO DE EMPREGO)</i>	3	XORNADA COMPLETA	6 MESES
<i>OFICIAL 2ª</i>	2	XORNADA COMPLETA	6 MESES
<i>PEÓN</i>	1	XORNADA COMPLETA	6 MESES
<i>PEÓN</i>	1	XORNADA COMPLETA	3 MESES
<i>OF 2ª CONDUCTOR (REFORZO EMPREGO 24)</i>	2	XORNADA COMPLETA	4,5 MESES
<i>PEON APROL RURAL 24-25</i>	1	XORNADA COMPLETA	1,50 MESES
<i>ORIENTADOR/A LABORAL</i>	1	XORNADA COMPLETA	10,5 MESES
<i>DIRECTOR/A OBRADOIRO</i>	1	XORNADA COMPLETA	8,5 MESES
<i>MONITORES OBRADOIRO</i>	2	XORNADA COMPLETA	8,5 MESES
<i>ADMINISTRADOR OBRADOIRO</i>	1	XORNADA PARCIAL	8,5 MESES
<i>MESTRE OBRADOIRO</i>	1	XORNADA PARCIAL	3 MESES
<i>ALUMNO TRABALLADOR</i>	20	XORNADA COMPLETA	8,5MESES

**Total número persoal temporal do Concello: 50**

**E así mesmo publícanse as bases de execución para o exercicio 2025**

#### **BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL DO EXERCICIO 2025**

De acordo co disposto no artigo 165.1 Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e o art. 9.1 do RD 500/90 do 20 de abril, formúlanse as bases de execución do orzamento xeral para o exercicio de 2025 que a continuación se expresan.

#### **Base 1ª.- PRINCIPIOS XERAIS E NORMATIVA DE APLICACION.-**

A aprobación, execución e liquidación do orzamento, así como o desenvolvemento da xestión económica e a fiscalización da mesma, levarase a cabo mediante o cumprimento das normas legais, regulamentarias e demais disposicións de carácter xeral vixentes para as Entidades Locais, e polas Bases de Execución do Orzamento, redactadas de acordo co disposto no artigo 165.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das facendas Locais.

As presentes Bases de Execución do Orzamento do 2025 terán a mesma vixencia que a do Orzamento aprobado para este exercicio. Por iso, no caso de prórroga do Orzamento, estas bases rexerán, así mesmo, durante dito período.



**Base 2ª.- ÁMBITO DE APLICACIÓN.-**

As presentes bases aplicaranse á execución e desenvolvemento do Orzamento Municipal, por non existir Organismos Autónomos e demais entes dependentes da Entidade Local.

**Base 3ª.- ESTRUTURA ORZAMENTARIA.-**

A estrutura do Orzamento Municipal axústase á Orde do Ministerio de Economía e Facenda 3565/2008 de data 3 de decembro de 2008 pola que se aproba a nova estrutura dos presupostos das Entidades Locais, clasificándose os créditos consignados no Estado de Gastos do orzamento co seguinte detalle:

- Clasificación por Programas, cun nivel de desagregación de Programa (tres díxitos) en función da información a subministrar ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.
- Clasificación Económica, cun nivel de desagregación de Subconcepto (cinco díxitos) en función da información a subministrar ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.
- Non existe clasificación orgánica.

En consecuencia, a aplicación orzamentaria ven definida pola conxunción das clasificacións por programas e económica.

O rexistro contable dos créditos, das súas modificacións, e das operacións de execución do gasto, realizarase sobre a aplicación orzamentaria antes definida.

Nos casos en que, existindo dotación orzamentaria nun nivel de vinculación, se pretenda imputar gastos a subconceptos que non figuren no Estado de Gastos do orzamento e pertenezcan ó mesmo nivel de vinculación, non será preciso incoar un expediente de modificación de créditos, podendo darse de alta a correspondiente aplicación orzamentaria.

As previsións incluídas no Estado de Ingresos clasificarase por capítulos, artigos e conceptos, en función da información a subministrar ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

**Base 4ª.- VINCULACIÓN XURÍDICA.-**

A vinculación xurídica, en consonancia co establecido no artigo 10 da Orde EHA /3565/2008 de 3 de decembro será a nivel:

- Respecto da clasificación por programas, a nivel área de gasto.
- Respecto da Clasificación Económica, o Capítulo.

**Base 5ª.- CRÉDITOS ORZAMENTARIOS.-**

O Orzamento municipal do Concello, tanto no seu Estado de gastos como de Ingresos, ascende á cantidade de UN MILLÓN DOUSCENTOS SESENTA E TRES MIL OITOCENTOS TRINTA E SEIS EUROS CON SETE CÉNTIMOS atopándose por tanto o orzamento equilibrado.

**Base 6ª.- PRÓRROGA DO ORZAMENTO XERAL.-**

Se ao inicio do exercicio 2.025 non tivese entrado en vigor o Orzamento Xeral correspondente ao citado exercicio, considerarase automaticamente prorrogado o do 2.024 ata o límite dos seus créditos iniciais cos axustes que recolle a lexislación orzamentaria aplicable.

**Base 7ª.- MODIFICACIÓNS DE CRÉDITOS.-**

Segundo o artigo 34 do R.D. 500/1990, de 20 de Abril, poderán realizarse as seguintes modificacións orzamentarias:

- a. Créditos Extraordinarios.
- b. Suplementos de Crédito.
- c. Ampliacións de crédito
- d. Transferencias de Crédito
- e. Xeracións de crédito.
- f. Incorporacións de Remanentes de Crédito.
- g. Baixas por anulación.

**Base 8ª.-CRÉDITO EXTRAORDINARIOS E SUPLEMENTOS DE CRÉDITO.-**

1.- Cando deba realizar algún gasto de carácter inaprazable ata o exercicio seguinte, para o que non exista crédito no Orzamento vixente ou sexa insuficiente, e non ampliable, a dotación prevista no mesmo, poderá acordarse, previa incoación do preceptivo expediente, unha concesión de crédito extraordinario, no primeiro dos casos e un suplemento de crédito no segundo dos supostos, ou de ambas cousas á vez, debendo atenderse ao seu financiamento, indistintamente, cos seguintes recursos:

- a. Con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería dispoñible no momento da tramitación do expediente.
- b. Con novos ou maiores ingresos recadados sobre os totais previstos no orzamento corrente.
- c. Mediante anulacións ou minoracións (baixas) do crédito que se precise doutras partidas orzamentarias vixente, non comprometido, onde as dotacións se estimen reducibles sen perturbación do respectivo servizo.

2.- A iniciativa do Presidente da Corporación tramitaranse os referidos expedientes segundo os seguintes requisitos:

Informe da Intervención Municipal; aprobación inicial polo Pleno do Concello e demais trámites que, para os orzamentos, sinala o artigo 169 do real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

**Base 9ª.-CRÉDITOS AMPLIABLES.-**

Non se prevé ningún crédito como ampliable.

**Base 10ª.- TRANSFERENCIAS DE CRÉDITO.-**

Poderán ser transferidos créditos dunhas partidas de gastos a outras cando se considere necesario, debendo suxeitarse para iso aos seguintes condicionamentos:

- a. Cando se trate de aumentos ou baixas de créditos relativos a Persoal, aínda pertencendo a distintos grupos, será órgano competente para iso a ALCALDÍA. Requirirase informe da Intervención Municipal.
- b. En caso de transferencias dentro da mesma Área de Gasto será competente tamén o Sr. Alcalde da Corporación.
- c. En caso de transferencias entre diferentes áreas de gasto, salvo cando afecten a gastos de persoal, a competencia corresponderá ó Pleno da Corporación, debendo observarse os mesmos requisitos sinalados no número 2 da Base 8ª.

As transferencias de Crédito poderán supoñe-la apertura de novas aplicacións orzamentarias.

**Base 11ª.- XERACIÓNS DE CRÉDITO.-**

1.- Poderá xerarse crédito, no Estado de Gastos, con ingresos de natureza non tributaria que se deriven das seguintes operacións:

- a. Aportacións, ou compromisos firmes das mesmas, de persoas físicas ou xurídicas para financiar, xunto co Concello, gastos que pola súa natureza estean comprendidos nos fins ou obxectivos dos mesmos.
- b. Alleamento de bens da Entidade Local.
- c. Prestación de Servizos.
- d. Reembolso de préstamos.
- e. Importes procedentes de reintegro de pagos indebidos con cargo ó Orzamento corrente, en canto a reposición do crédito na correspondente contía.

2.- Para que resulte procedente a xeración dos mencionados créditos requirirase: nos casos a que se refiren os apartados a) e b), o recoñecemento do dereito ou a existencia formal do compromiso firme de aportación; nos supostos dos apartados c) e d), ademais do recoñecemento do dereito, a dispoñibilidade de ditos créditos condicionada a súa efectiva recadación: e no que se refire o apartado e), a xeración do crédito estará subordinada á materialización do cobro do reintegro.

3.- Para tódolos casos referidos anteriormente, será indispensable a instrución do preceptivo expediente, sendo órgano competente para a súa resolución a ALCALDÍA – PRESIDENCIA, debendo axustarse á seguinte tramitación:

- Informe da Intervención Municipal.
- Decreto de Alcaldía.

**Base 12ª.- INCORPORACIÓN DE REMANENTES DE CRÉDITO.-**

1.- Os remanentes de crédito poderán ser incorporados aos seus correlativos dos Estados de gastos do exercicio seguinte, sempre e cando existan para iso suficientes recursos financeiros, cando, non sendo utilizado, procedan de crédito extraordinarios e suplementos ou transferencias que foran concedidas ou autorizadas, respectivamente, no derradeiro trimestre do exercicio e para os mesmos gastos que motivaron a súa concesión ou autorización; os que amparen compromisos de gastos adquiridos en exercicios anteriores; os derivados de operacións de capital; os autorizados en función da efectiva recadación dos dereitos afectados; e os que amparen proxectos financiados con ingresos afectados.

2.- Non poderán incorporarse aqueles remanentes declarados non dispoñibles, nin os xa incorporados no exercicio precedente, salvo os que amparen proxectos financiados con ingresos afectados, que serán obrigatoriamente sen limitación do número de exercicios, excepto que se desista de iniciar ou continuar a súa execución ou sexa imposible a súa realización.

3.- Para efectuar as incorporacións que se detallan no número 1 desta Base, será indispensable a instrución do preceptivo expediente, sendo órgano competente para a súa resolución a ALCALDÍA- PRESIDENCIA, debendo axustarse á seguinte tramitación:

- Informe da Intervención Municipal.
- Aprobación por Decreto de Alcaldía.

**Base 13ª.- BAIXAS POR ANULACIÓN.-**

A competencia para aproba-las baixas por anulacións de créditos corresponde ó Pleno da Corporación.

O Presidente, previo informe da Intervención, ordenará a incoación do oportuno expediente cando estime que o saldo dun crédito é reducible ou anulable sen perturbación do servizo.

**Base 14ª.- LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO E BAIXAS XUSTIFICADAS DE DEREITOS E OBRIGAS NA AGRUPACIÓN DE ORZAMENTOS PECHADOS.-**

Cando se poña de manifesto a necesidade de tramitar expedientes para a anulación ou baixa de dereitos e obrigas recoñecidas e liquidadas pertencentes á agrupación de orzamentos pechados, aplicarase o seguinte procedemento:

- Proposta Motivada.
- Informe de Intervención
- Aprobación inicial polo Pleno.
- Exposición ó Público polo prazo de quince días hábiles, a través de editos no Boletín Oficial da Provincia.
- Aprobación definitiva polo Pleno.

**Base 15ª.- OPERACIÓNS DE CRÉDITO.-**

As operacións de Crédito que se queiran realizar deberán ser autorizadas polo órgano competente da Corporación, previa instrución do preceptivo expediente que deberá ser informado pola Intervención municipal.

En calquera caso as operacións de crédito rexeranse polo contemplado no real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei Reguladora das Bases de réxime Local.

**Base 16ª.- AUTORIZACIÓN E DISPOSICIÓN OU COMPROMISO DO GASTO.-**

Dentro do importe dos créditos previstos no Orzamento Municipal, a autorización e disposición ou compromiso do gasto corresponderán, segundo os casos, ao Sr. Alcalde – presidente, ao Pleno do Concello ou á Xunta de Goberno Local, segundo a lexislación vixente e delegacións efectuadas.

**Base 17ª.- RECOÑECEMENTO E LIQUIDACIÓN DAS OBRIGAS E ORDENACIÓN DO PAGO.-**

- a. Corresponde ó Sr. Alcalde – Presidente o recoñecemento e a liquidación das obrigacións derivadas de compromisos de gastos legalmente adquiridos, así como a ordenación do pago, podendo efectua-las delegacións que estime pertinente na Xunta de Goberno Local. Os pagos serán os que correspondan das obrigas previamente recoñecidas, tendo prioridade os relativos a persoal e os referidos a obrigas procedentes de exercicios anteriores, acomodándose ao plan de distribución de fondos que ó efecto se estableza pola Presidencia.
- b. Corresponde ó Pleno da Entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos, sempre que non exista dotación orzamentaria, operacións especiais de crédito ou concesións de quita e espera.

**Base 18ª.- XUSTIFICACIÓN DO GASTO.-**

Para que poidan expedirse ordes de pago, haberá de acreditarse fehacientemente a realización da obra, servizo, subministro ou calquera outro dereito que corresponda ó acredor. Os correspondentes documentos xustificativos deberán ser previamente aprobados polo órgano competente, e con referencia ás facturas, terán que levar dilixencia subscripta polo ou encargado do mesmo, que acredite a recepción e conformidade dos subministros ou materias que as mesmas comprendan.

**Base 19ª.- XUSTIFICACIÓN DO PAGO.-**

1.- Para a realización do pago será necesario que o documento acreditativo do gasto (factura, certificación de obra, etc.) conteña tódolos requisitos legais, debendo acollerse, previa identificación, tanto en dito documento como na correspondente orde de pago, a sinatura do “recibí” da persoa interesada ou

representante debidamente autorizado. Noutro caso xustificarse mediante xiro postal con acuso de recibo, letra de cambio – ou documento que legalmente a substitúa- ou transferencia bancaria.

2.- No relativo ás nóminas de persoal deberá xustificarse, mediante dilixencia do funcionario competente a prestación dos respectivos servizos que se retribúen, así como a sinatura do “recibí” pola persoa interesada, salvo que o pago se efectúe por transferencia bancaria.

**Base 20ª.- PAGOS A XUSTIFICAR E ANTICIPOS DE CAIXA FIXA.-**

1.- No caso de que no momento de expedirse e executarse a orde de pago non se poidan presenta-los documentos que acrediten a prestación do servizo, estes pagos terán o carácter de “a xustificar”, debendo de aplicarse ós respectivos créditos do Orzamento.

2.- Soamente poderán efectuarse “pagos a xustificar” nas seguintes ocasións:

- a. Cando o importe a xustificar non sobrepase da cantidade de mil cincocentos euros (1.500 euros).
- b. Que non sexan destinados a “Operacións de Capital”.
- c. Que o preceptor non teña pendente de xustificar cantidade algunha polo mesmo concepto.
- d. Que non se destinen a atender gastos de xustificar de modalidade periódica, os cales terían a consideración de “anticipos de caixa fixa”.

3.- Estes perceptores quedarán obrigados a xustifica-la aplicación das cantidades recibidas por este concepto, no prazo máximo de tres meses e, en todo caso, antes da finalización do exercicio, reintegrando as cantidades non invertidas.

4.- As persoas que reciban “Anticipos de Caixa Fixa” renderán contas polos gastos atendidos con ditos anticipos, a medida que as súas necesidades de tesourería aconsellen a reposición dos fondos utilizados, os cales deberán ser xustificadas na forma que se indique polo Pleno do Concello.

**Base 21ª.- PAGOS DE SUBVENCIÓN.-**

Para o abono ou outorgamento de subvencións ou axudas económicas será aplicable a Lei de Subvencións 38/2003. Para que se poidan conceder subvencións polos órganos competentes con cargo ao orzamento será indispensable acreditar polos perceptores estar ao corrente das obrigas fiscais coa entidade que as concede, debendo xustificarse documentalmente no prazo establecido e mediante a presentación dos documentos que o acrediten suficientemente. Efectuado o pago sen previa xustificación e vencidos os prazos establecidos os perceptores das subvencións deberán reembolsalas cantidades.

Poderanse conceder subvencións de forma directa conforme ao artigo 28 da Lei 38/2003 en todos aqueles casos que por definición do obxecto das subvencións ou polo carácter singular das mesmas se acredite o interese público, social, económico ou humanitario e aquelas nas que se xustifique a dificultade da súa convocatoria pública.

**Base 22ª.- GASTOS DE LOCOMOCIÓN, DIETAS E INDEMNIZACIÓNS. HORAS EXTRAORDINARIAS.-**

1.- Os gastos de locomoción que se produzan como consecuencia de desprazamentos por comisión de servizos ou xestións oficiais dispostos pola Corporación, no caso de utilización do vehículo propio, farase efectivas as seguintes cantidades; se se trata de membros da Corporación, a razón de 0.26 Céntimos de Euros por quilómetro percorrido. No caso de funcionarios e persoal laboral estarase ao que dispoña, en casos similares, para os funcionarios do Estado.

2.- No que respecta ás dietas, as correspondentes ó Sr. Presidente e demais membros da Corporación de acordo coa seguinte táboa:

CONCEPTO	CONTÍA
Media dieta (comida ou cea)	40 euros
Aloxamento fora da Comunidade Autónoma	150 euros
Aloxamento dentro da Comunidade Autónoma	100 euros

A xustificación das indemnizacións contidas nos apartados 1 e 2 farase mediante a presentación dos seguintes documentos:

**a) Gastos de locomoción:** declaración responsable do membro da Corporación na que figurará día, hora de saída e chegada, lugar, motivo de desprazamento e vehículo empregado.

Cando non se empregue vehículo propio aboarase a correspondente factura de taxi, ou do medio de transporte empregado.

**b) Manutención:** declaración responsable ou concelleiro delegado na que figuraá día, hora de saída e hora de chegada, lugar, e servizo ou actividade desenvolva.

Só se terá dereito a comida cando o servizo prestado ou a actividade desenvolvida teña unha duración mínima de 5 horas, con comezo antes das 14 horas e remate despois das 16 horas e a cea co comezo despois das 16 horas e chegada despois das 22 horas.

c) **Gastos asimilados** (parking, desprazamentos sen vehículo propio,..). á declaración responsable antes reseñada para devengar ese gasto deberá de unirse factura e no seu caso, do medio de transporte empregado.

As relativas a funcionarios e persoal laboral, rexeranse polas normas establecidas para os funcionarios do Estado.

3.- No que se refire a indemnizacións, os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva ou parcial percibirán, por asistencia ás sesións do Pleno, Xunta de Goberno local e as Comisións Informativas de que formen parte, as seguintes cantidades:

CONCEPTO	CONTÍA
Asistencia Plenos	100,00 €/Sesión
Asistencias Xunta de Goberno local e calquera outro órgano colexiado	80,00 €/Sesión

5.- As indemnizacións a satisfacer faranse efectivas mediante a presentación dos xustificantes polos conceptos que correspondan ou a través de declaración xurada polos interesados.

6.- O Persoal Funcionario ou Laboral polos traballos realizados fóra da xornada normal de traballo terá dereito a percibir as compensacións económicas correspondentes.

A autorización de traballos extraordinarios e o recoñecemento de compensacións económicas axustarase ao seguinte PROCEDIMENTO:

- a) Informe de Fiscalización
- b) Acordo da Alcaldía

O valor da hora extraordinaria será a contía establecida no convenio colectivo ou estatuto que lle sexa de aplicación a cada posto. En caso de non estar contemplada o valor da hora extraordinaria será o **valor hora ordinaria incrementada no 50%**.

#### BASE 23ª.- CONTRATOS MENORES.

- a. Nos contratos menores por importe inferior ou igual a 1.500 € requirirase a tramitación dun expediente no que se acredite a documentación seguinte:
  - Factura conformada pola persoa traballadora e concellería responsable..
  - No caso dos contratos de obras, ademais, Orzamento da Obra e no seu caso, proxecto e informe de supervisión.
  - Documento RC que acredite a existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente, firmado pola Intervención.
- b. Nos contratos menores que superen os 1.500 € requirirase a tramitación dun expediente no que se acredite a documentación seguinte:
  - Solicitud de tres orzamentos, quedando excluídos casos excepcionais de exclusividade.
  - Documento RC que acredite a existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente.
  - Proposta de gasto no modelo normalizado no Anexo I.
  - Acordo do órgano competente de aprobación do gasto e adxudicación. Deberá recollerse, na súa parte dispositiva, os seguintes extremos:
    - Descrición do gasto
    - Contratista (Denominación social, NIF/CIF)
    - Prezo do contrato
    - Forma de pago
    - Duración do contrato
    - Aplicación orzamentaria
    - Prescricións técnicas aplicables a obra, servizo ou subministro.

- Factura conformada pola persoa traballadora e concellería responsable.
- No caso dos contratos de obras, ademais, Orzamento da Obra e no seu caso, proxecto e informe de supervisión.
- c. Os contratos menores non poderán ter duración superior a un ano, nin ser obxecto de prórroga, nin de revisión de prezos.

No suposto de que un contrato menor quedase deserto pola non presentación ou pola presentación defectuosa das ofertas poderase volver a sacar invitando a tres novos licitadores ou dando publicidade a través da PCSP para que se poida presentar calquera licitador.

- d. A execución de gastos mediante contrato menor respectará, en todo caso, os límites máximos cuantitativos e cualitativos establecidos na lexislación vixente.
- e. En todo caso o contratista deberá acreditar a capacidade para contratar coa Administración.
- f. Queda prohibido todo fraccionamento do gasto que teña por obxecto eludir os trámites e contías do contrato maior.

#### **Base 24ª.- GASTOS DE CARÁCTER PLURIANUAL.-**

1.- A autorización e compromiso de gastos de carácter plurianual subordinaranse ao crédito que en cada exercicio se consigne nos respectivos orzamentos, segundo dispón o artigo 79.2 do real Decreto 500/1990, de 20 do Abril.

2.- Poderán adquirirse compromisos de gastos con carácter plurianual sempre que a súa execución se inicie dentro do exercicio corrente e que, ademais, se encontren nalgún dos casos seguintes:

- a. Inversións e Transferencias de Capital.
- b. Os demais contratos e os de subministros, de consultoría, de asistencia técnica e científica, de prestación de servizos, de execución de obras de mantemento e de arrendamento do equipos non habituais das entidades locais, sometidos ás normas da Lei 9/2017, polo que se aproba a Lei de Contratos do Sector Público, que non poidan ser estipulados ou resulten antieconómicos por un ano.
- c. Cargas financeiras das débedas desta Entidade.
- d. Transferencias correntes que se deriven de Convenios subscritos polas Corporacións Locais con outras entidades públicas ou privadas sen ánimo de lucro.

O número de exercicios posteriores a que poidan aplicarse os gastos dos apartados a), b), i e) non será superior a catro anos.

Asemade, nos casos incluídos nos parágrafos a) e e), o gasto que se impute a cada un dos exercicios futuros autorizados non poderá exceder da cantidade que resulte de aplicar ó crédito correspondente do ano en que a operación se comprometeu as seguintes porcentaxes: no exercicio inmediato seguinte, o 70 por cento, no segundo exercicio o 60 por cento, e no terceiro e cuarto, o 50 por cento.

A xestión dos gastos de carácter plurianual axustarase ó disposto nos artigos 85 e 88 do real decreto 500/1990.

Nos casos excepcionales a Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno da corporación, poderá ampliar o número de anualidades así como elevar as porcentaxes referidas.

#### **Base 25ª.- ACUMULACIÓN SIMULTÁNEA DE FASES DE GASTO.-**

1.- Poderán acumularse varias fases de execución do orzamento de gastos, das enumeradas no artigo 52 do Real Decreto 500/1990, de 20 do Abril, nun so acto administrativo, producindo os mesmos efectos que se ditas fases se acordaran en actos administrativos separados, podéndose dar os seguintes casos:

- a. Autorización – disposición
- b. Autorización- disposición- recoñecemento da obriga.

2.- As referidas acumulacións serán factibles nos seguintes supostos:

Sempre nos gastos de carácter ordinario que se produzan regular e periodicamente, os que correspondan a liquidacións de obrigas derivadas de compromisos legalmente contraídos, e nos gastos que expresamente permita á Lei.

3.- O órgano competente para acordalo será a Alcaldía – Presidencia, o Pleno ou a Xunta de goberno Local, segundo as atribucións que lle confiren as Leis e as delegacións efectuadas.

**Base 26ª.- FISCALIZACIÓN DE INGRESOS.-**

Como norma de carácter xeral serán fiscalizadas e contabilizadas pola Intervención, tódalas propostas de actos de xestión, liquidación ou recadación de ingresos, debendo ser autorizadas pola Alcaldía ou aprobadas polo Pleno da Corporación, segundo os casos.

**Base 27ª.- ACTOS DE XESTIÓN RELATIVOS ÓS INGRESOS.-**

Deberá producirse a fiscalización previa para a súa aprobación polo órgano competente, nos seguintes casos:

- a. Devolución de Ingresos.
- b. Concesión de exencións, baixas ou bonificacións, sen prexuízo do que dispón o artigo 77.2, do Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das facendas locais.
- c. Aprazamento ou fraccionamento dos ingresos.
- d. Aprobación de Padróns, listas cobratorias e cargos a recadadores e cobradores.
- e. Liquidación de tributos periódicos.
- f. Imposición, modificación ou supresión de taxas impostos, e prezos públicos así como as súas respectivas ordenanzas.
- g. Operacións de crédito e de tesourería.

**Base 28ª.- XESTIÓN, LIQUIDACIÓN E RECADACIÓN DE INGRESOS.-**

1.- En relación cos actos de xestión, liquidación e recadación de ingresos, observaranse as seguintes prescricións:

- a) Unha vez aprobados os Padróns, as listas cobratorias e prego de cargo, remitiranse á Intervención para ser fiscalizados, quedando os recibos e matrices ou copias en poder da Tesourería.
- b) Finalizados os prazos de ingresos en voluntaria, pola Tesourería se relacionarán os valores en recibo impagados e as certificacións de descuberto, cuxas relacións pasarán á Deputación de Lugo para ser providenciadas de apremio e segui-lo procedemento de cobro en vía executiva.
- c) Os ingresos que se efectúen directamente en tesourería, segundo a liquidación que previamente se teña formulado, realízanse mediante a correspondente orde de ingreso, ou talón de cargo, librándose a correspondente carta de pago ou recibo xustificante do ingreso.

2.- Polo que respecta ás autoliquidacións, o ingreso terá a condición de "a conta" do que resulte da liquidación definitiva que ó efecto se formule posteriormente.

**Base 29ª.- INGRESOS PROVINTES DE SUBVENCIONS E OUTROS.-**

Os recursos que se refiran a subvencións procedentes doutras entidades, así como os de dereito privado e os relativos a operacións de crédito, para financiamento de obras ou servizos, deberán ser xustificados previa e fehacientemente e non poderán ser aplicados a atencións distintas daquelas para as que foron destinados.

Estes ingresos afectados só poderán destinarse a unha finalidade distinta cando se conte con autorización expresa das persoas ou entidades que teñan efectuado o ingreso.

**Base 30ª.- SALDOS DE DUBIDOSO COBRO (DEREITOS PENDENTES DE DIFÍCIL OU IMPOSIBLE RECADACIÓN)**

Aos efectos de cálculo de remanente de Tesourería consideraranse dereitos pendentes de difícil ou imposible recadación, os seguintes:

- a) Os dereitos pendentes de cobramento liquidados dentro dos orzamentos dos dous exercicios anteriores ao que corresponde a liquidación minoraranse nun 25 por cento.
- b) Os dereitos pendentes de cobramento liquidados dentro dos orzamentos do exercicio terceiro anterior ao que corresponde a liquidación minoraranse nun 50 por cento.
- c) Os dereitos pendentes de cobramento liquidados dentro dos orzamentos dos exercicios cuarto a quinto anteriores ao que corresponde a liquidación minoraranse nun 75 por cento.
- d) Os dereitos pendentes de cobramento liquidados dentro dos orzamentos dos restantes exercicios anteriores ao que corresponde a liquidación minoraranse nun 100 por cento.

En calquera caso, a consideración dun dereito de difícil ou imposible recadación non implicará a súa anulación nin producirá a súa baixa en contas.

**Base 31ª.- FACTURA ELECTRÓNICA.**

Facendo uso da habilitación legal contida no artigo 4 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, se exclúe da obriga de facturación electrónica ás facturas cuxo importe sexa de ata 5.000 € e ás emitidas polos provedores aos servizos no exterior das Administracións Públicas ata que ditas facturas podan satisfacer os requirimentos para a súa presentación a través do Punto xeral de entrada de facturas electrónicas de acordo coa valoración do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, e os servizos no exterior dispoñan dos medios e sistemas apropiados para a súa recepción en ditos servizos.

**Base 32ª. - FUNCIÓN INTERVENTORA.****A. Fiscalización e intervención previa limitada:**

1. O órgano interventor limitarase a comprobar os requisitos básicos seguintes:

a) A existencia de crédito orzamentario e que o proposto é o adecuado á natureza do gasto ou obriga que se propoña contraer. Nos casos nos que o crédito orzamentario dea cobertura a gastos con financiamento afectado comprobarase que os recursos que os financian son executivos, acreditándose coa efectiva materialización do ingreso ou a existencia de documentos fehacientes que acrediten a súa efectividade. Cando se trate de contraer compromisos de gastos de carácter plurianual comprobarase, ademais, se se cumpre o preceptuado no artigo 174 del TRLRHL. Entenderase que o crédito é adecuado cando financie obrigas a contraer ou nacidas e non prescritas con cargo á tesourería da entidade local cumprindo os requisitos dos artigos 172 e 176 do TRLRHL.

b) Que as obrigas ou gastos xeranse por órgano competente. En todo caso comprobaranse a competencia do órgano de contratación ou concedente da subvención, cando dito órgano non teña atribuída a facultade para a aprobación dos gastos de que se trate.

c) O resto de extremos adicionais que estean vixentes por acordo do Consello de Ministros na fiscalización e intervención previas de requisitos básicos

**B. Fiscalización de ingresos.**

Substitúese a fiscalización previa de dereitos e ingresos polo control inherente á toma de razón en contabilidade, non sendo de carácter obrigatorio, conforme ao acordado no apartado seguinte, a realización das actuacións de comprobación posteriores previstas no art. 219.4 TRLRHL ao enmarcarse dentro da función de control financeiro.

**C. Réxime de control simplificado**

O Concello de Pedrafita do Cebreiro acollese ao réxime de control interno simplificado conforme ao establecido nos artigos 39 e 40 do RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se exercerá a función interventora pero non sendo obrigatoria a función de control financeiro, sen prexuízo da aplicación da auditoría de contas nos supostos previstos no artigo 29.3.A) do Regulamento 424/2017 e de aquelas actuacións cuxa realización polo órgano interventor derive dunha obriga legal

**Base 33ª. DISPOSICIÓNS FINAIS**

PRIMEIRA.- Os orzamentos do Concello, unha vez aprobados definitivamente, teñen efectos de 1 de Xaneiro de 2025 segundo o artigo 21.6 do real Decreto 500/1990.

SEGUNDA.- Para o non previsto nestas Bases estarase ó disposto con carácter xeral pola vixente Lexislación local, pola Lei Xeral Orzamentaria, Lei tributaria e demais normas do Estado que sexan aplicables, así como o que resolta a Corporación previo informe de Intervención.

TERCEIRA.- O Presidente da Corporación é o Órgano Competente para a interpretación das presentes Bases, previo informe da Secretaría- Intervención, segundo as súas respectivas competencias.



Anexo I

**PROPOSTA DE CONTRATO MENOR**

Contratos de SUBMINISTRACIÓNS INFERIORES a 15.000 €

Contratos de SERVIZOS INFERIORES a 15.000 €

Contratos de OBRAS INFERIORES a 40.000

---

**OBJE CTO DO CONTRATO QUE SE PRE TENDE REALIZAR:**

---

**NE CE SIDA DE CONTRATACIÓN:**

**E SPE CIFICACIÓNS TÉ CNICAS DAS PRE STACIÓNS:** (de ser procedente)

  
  

**CONDICIÓNS PARA AS PRE STACIÓNS SOLICITADAS E VAL ORADAS PARA E LIXIR A MELL OR OFERTA:**

As empresas ás que se solicitaron orzamentos para a tramitación do procedemento de referencia, así como as ofertas presentadas polas mesmas, son as seguintes: (cando o importe sexa superior a 5000 euros se acompañarán 3 orzamentos)

EMPRE SA	CIF	IMPORTE SE NIVE	OUTRAS CONDICIÓNS

**NON SE APORTAN TRE S ORZAMENTOS POR:** (cubrir só no caso de presentar unha única oferta)

E polo que se propón a adxudicación do contrato de..... a favor da empresa ..... , con CIF ..... por importe de ..... , ao que se engadirán ..... en concepto de IVE (%) o que ascende a un total de ..... euros.

Pedrafita do Cebreiro, ..... de ..... 20....

O ORGANO DE CONTRATACIÓN

Asdo.: O ALCALDE

Asdo.: José Luis Raposo Magdalena

**CERTIFICACIÓN DE EXISTENCIA DE CRÉDITO:**

Existe crédito adecuado e suficiente:

**Aplicación orzamentaria:**

**Código de proxecto:**

**Importe imputable ao orzamento:**

Lugo, ..... de ..... de 20....

A Secretaria Interventora

Asdo.: María García Ferro

Pedrafita do Cebreiro, 13 de decembro de 2024.- O alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 4041

## O VALADOURO

### Anuncio

#### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA: RESOLUCIÓN PROCESO SELECTIVO. 1 TRABALLADOR/-A SOCIAL (D.A. 6ª LEI 20/21)

DON JOSÉ MANUEL LAMELA PIÑEIRO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE O VALADOURO, PROVINCIA DE LUGO,

De conformidade coas “Bases xerais que regulan, xunto coas bases específicas, os procesos selectivos excepcionais de estabilización de emprego temporal de longa duración, que se convoquen para o ingreso en prazas de persoal laboral fixo no Concello de O Valadouro incluídas na oferta extraordinaria de emprego público para a estabilización do emprego temporal do Concello de O Valadouro para o ano 2022, disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, sistema de concurso, acceso libre,” publicadas no BOP de Lugo núm. 289 de 20 de decembro de 2022, incluídas na oferta extraordinaria de emprego público para a estabilización do emprego temporal do concello de O Valadouro para o ano 2022, publicada no BOP de Lugo núm. 118, do 25 de maio de 2022 (corrección de erros publicada no BOP de Lugo núm. 127, de 4 de xuño de 2022).

Rematado o procedemento de selección por concurso, o día 6 de novembro de 2024, publicouse na sede electrónica do Concello de O Valadouro e no taboleiro de anuncios da entidade a proposta de contratación e a relación de persoas aprobadas por orde de puntuación realizada polo Tribunal.

De acordo co establecido no punto 14 das bases xerais, a alcaldía resolverá definitivamente o procedemento selectivo a favor das persoas aspirantes propostas polo Tribunal e interesadas, que acreditan os requisitos esixidos na convocatoria. E o punto 15 establece que a contratación das persoas incluídas na resolución da Alcaldía para cubrir as prazas convocadas, efectuarase no prazo máximo dun mes dende o día seguinte ao da publicación do citado acordo no BOP de Lugo.

Visto que as persoas candidatas propostas e interesadas, de conformidade coas bases, achegaron a documentación esixida nas bases xerais e específicas no prazo establecido.

#### RESOLVO

**Primeiro.-** Formalizar o contrato de traballo, como persoal laboral fixo do Concello de O Valadouro, para unha **praza de TRABALLADOR/A SOCIAL a xornada completa**, incluída na oferta extraordinaria de emprego público para a estabilización do emprego temporal do concello de O Valadouro para o ano 2022, publicada no BOP de Lugo núm. 118, do 25 de maio de 2022 (corrección de erros publicada no BOP de Lugo núm. 127, de 4 de xuño de 2022), coa seguinte aspirante:

APELIDOS E NOME	DNI
ALMUDENA GONZALEZ REGO	****0163*

**Segundo.-** Publicar esta resolución no BOP de Lugo, na sede electrónica do Concello de O Valadouro: <https://valadouro.sedelectronica.es/info.1> e no taboleiro de anuncios da Entidade.

O Valadouro, 16 de decembro de 2024.- O alcalde-presidente, José Manuel Lamela Piñeiro.

R. 4056

### Anuncio

#### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA: APROBACIÓN PROCESO SELECTIVO. 4 AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR (D.A. 6ª LEI 20/2021)

